

OS DOUS RATIÑOS

Rulo e Rolo son dos ratiños. Os dous roedores viven nunha vella roda. Todos os días, Rulo rega as rosas e Rolo recolle o correo.


Hoxe, teñen carta. Escríbelles a ratiña Mariña. Non pode visitalos, pois ten moito catarro.

Rulo e Rolo van ao mercado. Queren comprar un pouco de roupa nas rebaixas.

Rulo merca unha gorra e Rolo, un reloxo.

Despois van a ver a Mariña. Lévanlle un regalo: un gran ramo de margaridas.

Mariña atópase mellor. Xuntos roen un pouco de queixo e ven o televisor.



1. Escribe a resposta correcta :

- Onde viven os dous ratiños?

- Nunha nova roda.
- Nunha vella rocha.
- Nunha vella roda.

- Que fan tódolos días?

- Regan as margaridas e recollen o correo.
- Regan as rosas e recollen as cartas.
- Regan as rosas e recollen o correo.

- Quen lles escribe?

- A ratiña Rosa.
- A ratiña Mariña.
- A ratiña Rita.

-Que queren comprar?

- Un pouco de comida.
- Un pouco de roupa.
- Moita roupa nas rebaixas.

-Que lle levan de regalo á ratiña?

- Un gran ramo de margaridas.
- Un gran ramo de rosas.
- Un gran ramo de caraveis.

2. Escribe as palabras co seu significado :

Roedor	<i>Conxunto ou feixe de flores.</i>
Ramo	<i>Botar auga sobre algunha cousa.</i>
Regar	<i>Animal que tritura cos dentes os alimentos.</i>
Rebaixas	<i>Cartas, avisos, etc... que se envían ou reciben.</i>
Correo	<i>Dar unha cousa como mostra de afecto.</i>
Agasallo	<i>Desconto no prezo dun obxecto</i>

3. Completa as seguintes palabras con “r” ou “rr”

....egalo cata....o a....oz ío go....a
ca....ta ebaixas oupa eloxo

4. Emparella as palabras que signifiquen o mesmo :

catarro	ver
visitar	agasallo
correo	morder
regalo	constipado
roer	correspondencia
atopar	encontrar